

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL DO DÍA 1 DE ABRIL DE 2025

(Aprobada na reunión da Comisión do día 28 de novembro de 2025)

Hora de inicio: 13:00 h
Hora de remate: 14:00 h
Lugar: Sala Manolo Ramos do edificio Ernestina Otero

Membros:

Pola Universidade:

- Yolanda T. Lesmes Romero (Xerente)
- Noemí (Vicexerente de Recursos Humanos)
- Antonia Melón Amor (Xefa do Servizo de Retribucións)
- Manuel Valebona Refojos (secretario)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:

- José Estévez Vázquez (Non asiste)
- Carlos Román Lago (Non asiste)

Pola Xunta de PAS:

- Xoan M. Cebro Rodríguez (Non asiste)
- María José Ríos Santomé
- José Manuel Sónora Abeijón

Pola Xunta de PDI:

- María Montero Muñoz (Xustificou a súa ausencia)
- José Bienvenido Diez Ferrer (Non asiste)
- Castor Muñoz Sobrino

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

- Nicolás Ramón Berdullas (Xustificou a súa ausencia)
- Pedro González Santamaría

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da reunión anterior (30/04/2024).
2. Valoración das reclamacións sobre as listaxes provisionais da convocatoria de axudas do Fondo Social 2022 (gastos de 2021).
3. Rogos e preguntas.



1. Aprobación da acta da reunión anterior (30/04/2024)

A xerente inicia a sesión e pregunta ás e aos membros presentes se aproban a acta da sesión anterior. Non habendo alegacións dáse por aprobada a acta.

2. Valoración das reclamacións sobre as listaxes provisionais da convocatoria de axudas do Fondo Social 2022 (gastos de 2021).

O secretario traslada á Comisión unha solicitude de axuda de tratamento da saúde que o Servizo de Retribucións, servizo encargado de xestionar a execución da convocatoria, cualificou como excluída na listaxe provisional de solicitudes. A persoa solicitante presentou no prazo de reclamacións un informe médico que indica que o paciente presenta un trastorno de conducta alimentaria tipo Anorexia Nerviosa que, *“Dada la limitación de recursos públicos para este trastorno, ha precisado apoyo externo privado especializado”*, o cal non encaixa en ningún dos apartados contemplados na convocatoria.

A xefa do Servizo de Retribucións indica que, cando se engadiu o apartado c) Tratamentos e gastos derivados por “trastornos alimenticios”, sempre se pensou en enfermidades crónicas relacionadas co aparato dixestivo, por exemplo, celiaquía ou similares. Nunca se mencionaron enfermidades do tipo anorexia ou bulimia, pero se se queren engadir habería que modificar o texto da próxima convocatoria.

A xerente entende que o espírito a convocatoria de acción social pretende cubrir gastos que non están cubertos polos sistema público sanitario, como son as próteses oftalmolóxicas, auditivas, dentais, ortopédicas e oncolóxicas, e que non se poden cubrir outros gastos médicos cubertos polo sistema público por falta de recursos públicos como indica o informe.

A comisión acorda ratificar a exclusión desta solicitude.

O secretario informa que o resto de solicitudes excluídas o son por cuestións de forma, como a falta de algunha sinatura, o solicitudes incompletas ou falta de xustificantes de gastos, non por cuestións de fondo, salvo a que se presentou á comisión no día de hoxe.

María José Ríos di que ten constancia da exclusión dunha solicitude de axuda do fondo de acción social pola falta de firma do ex cónxuxe para autorizar a consulta de datos da renda de 2021.

Efectivamente, como se indicou, pode haber solicitudes excluídas por motivos formais, incluso pola falta de sinaturas de familiares falecidos despois de 2021. Sen a autorización de consulta de datos fiscais non se pode determinar a renda per cápita da unidade familiar.

En calquera caso, son circunstancias persoais que cada solicitante ten que solucionar polos seus medios. Hai 332 traballadores/as que presentaron solicitude de máis de 1.100 axudas nos diferentes apartados da convocatoria, e o Servizo de Retribucións non pode solventar este tipo de circunstancias tan persoais.



3. Rogos e preguntas.

A xerente di que na última reunión da Comisión se solicitara o montante dos gastos destinados á acción social. A xerente expón de xeito pormenorizado os diferentes gastos que conforma o global da partida de Acción social dos anos 2023 e 2024 que son os seguintes:

GASTOS IMPUTADOS A ACCION SOCIAL NO EXERCICIO 2023

CONCEPTO	IMPORTE
Pensión Viuvez (PAS Laboral)	3.292,21 €
Premio Xubilación (PAS Laboral)	18.754,59 €
Premio Xubilación (PAS Funcionario)	270.743,94 €
Gratificación Xubilación anticipada (PAS funcionario)	6.079,50 €
Complemento de I.T.	413.135,37 €
Matrícula Servizos Académicos 2022/2023 (Datos do Servizo de Contabilidade)	362.255,15 €
Seguro de Vida	56.045,14 €
Plan de Pensións	234.999,45 €
Convocatoria Fondo Social	0,00 €
Campus CAMP	4.286,02 €
Intercambio Vacacións (PAS) (Datos do Servizo de Contabilidade)	7.655,56 €
TOTAL 2023	1.377.246,93 €

GASTOS IMPUTADOS A ACCION SOCIAL NO EXERCICIO 2024

CONCEPTO	IMPORTE
Pensión Viuvez (PAS Laboral)	3.339,15 €
Premio Xubilación (PAS Laboral)	34.453,80 €
Premio Xubilación (PAS Funcionario)	168.664,83 €
Gratificación Xubilación anticipada (PAS funcionario)	6.187,50 €
Gratificación Xubilación anticipada (PAS laboral)	6.187,50 €
Complemento de IT	436.701,41 €
Matrícula Servizos Académicos 2023/2024 (Datos do Servizo de Contabilidade)	403.287,89 €
Seguro de Vida	54.619,49 €
Plan de pensións	234.999,99 €
Convocatoria Fondo Social 2022	178.178,59 €
Campus CAMP	4.295,50 €
Intercambio Vacacións (PAS) (Datos do Servizo de Contabilidade)	9.969,43 €
TOTAL 2024	1.541.886,08 €



Solicitud de axuda para a organización do Campus Camp 2025.

O secretario informa da solicitude recibida no día de onte, polo Servizo de Extensión universitaria con motivo da celebración da edición do ano 2025 do programa Campus Camp. Solicita unha axuda para sufragar unha parte a organización desta actividade de grande importancia para a nosa Comunidade. Dito servizo achega, como en anos anteriores, dous presupostos do custo de aluguer da piscina nos campus de Ourense e Vigo, por importes de 1.164,63 euros e 1.862,19 euros respectivamente.

María José Ríos di que esta solicitude debería vir como un punto da orde do día, pero, como xa indicou o secretario da comisión, non foi posible incluílo na orde do día porque chegou despois de que a convocatoria estaba asinada e enviada aos membros da comisión.

Non habendo votos en contra, apróbase a axuda solicitada para a organización do programa Campus Camp 2025 por un importe total de 3.026,55 euros.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 14:00 horas.

